



# CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

## SESIÓN URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE CAMPO

### LAMEIRO DE DATA DEZAOITO DE OUTUBRO DO DOUS MIL DEZASETE.

No Concello de Campo Lameiro o día dezaoito de outubro do dous mil dezasete, ás trece horas quince minutos e baixo a Presidencia de D. Julio G. Sayáns Bugallo, Alcalde da Corporación, reúnense no salón de sesións da Casa Consistorial os señores concelleiros que se relacionan de seguido, co obxecto de celebrar sesión urxente do Pleno convocada para este día.

#### ASISTENTES

Alcalde-Presidente

D. Julio G. Sayáns Bugallo

Concilleiros

Dna. M<sup>a</sup> José Viña Mourín

Don Alberto Maquieira Fernández

Dna. M<sup>a</sup> de las Nieves Boullosa Ferrín

Dna. Silvia Laredo Quinteiro

Dna. Paz Vidal Fontenla

Don Adrián Vidal Fontenla

#### SECRETARIO

Dna. Mercedes González Budiño

Dá fe do acto Dna. Mercedes González Budiño, Secretaria da Corporación.

#### ORDE DO DÍA: ASUNTO ÚNICO

### ÚNICO.: MOCIÓN DE URXENCIA AO PLENO DO CONCELLO

Por acordo do Pleno deste Concello se ten decidido dotar a Campo Lameiro dun Centro de Estancia para dar cobertura a un servizo demandado e necesario para a nosa cidadanía.

Para facer realidade este proxecto, o Concello dispón dunha parcela de 1.954 m<sup>2</sup> ubicada na zoa colídante coa praza da Igrexa de San Miguel de Campo.

O proxecto contempla un acceso por un lateral da parcela, se ben, dada a necesidade de contar con mais terreo para facilitar a execución do acceso, tense aprobado fazer unha proposta de compra ao titular da parcela colídante polo seu linde oeste. Este propietario ven sendo a Igrexa Católica.

A parcela a adquirir para anexionar á parcela municipal ten unha extensión de 789 m<sup>2</sup>.

O Concello remitiu en febreiro de 2017 unha proposta de compra á Igrexa Católica polo importe total de 11.266,92 euros, o que supón un repercuñón de 14,28 €/m.

A parte vendedora remitiu ao Concello unha contraproposta en data 4 de outubro de 2017, estimando que o prezo de venta non deberá ser inferior a 31.452,00 euros.

Con data 11 de outubro de 2017 recíbese por Rexistro do Concello requirimento da Deputación de Pontevedra solicitando, antes do día 25 de outubro de 2017, xustificación da titularidade dos



# CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

terreos afectados pola obra, estando áinda pendente a compra da parcela pola que se plantexa o acceso rodado ás instalacións do Centro de Estancia.

Con data 17 de outubro de 2017, con total premura, esta Alcaldía presentouse diante ó Arcebispado de Santiago para tentar negociar de forma pactada un acordo de compra venta da franxa de terreo de 789 m<sup>2</sup> da súa propiedade. Aportáronse datos urbanísticos da parcela, así como un informe recibido da Xefatura Territorial de Cultura- Patrimonio, denunciando estado que presentaba a cuberta da Igrexa de Couso, con posibilidade de derrumbe se non se actúa na súa reparación.

A proposta formulada por esta alcaldía viña no sentido de rebaixar o prezo de venta presentado pola Igrexa, aportando datos das inversións realizadas por este Concello nos últimos cinco anos, que ascenden a algo mais de 110.000 euros. Ase mesmo fixose fincapé na necesidade desta dotación para poder atender mais que nada ás persoas maiores, que xeralmente permanecen soas nos seus domicilios, para que teñan un punto de encontro e de atención, conquerindo non só ter un punto de acollemento, senón de relacionarse e de poder ser atendidos, razón pola que este Concello estaría en disposición de facer un grande e, según se comproba, custoso esforzo sen ningún carácter especulativo.

A cambio, para poder facilitar unha negociación mais ventaxosa, suixeruse a posibilidade de cooperar coa Igrexa na reparación do tellado da Igrexa de Couso, obra necesaria e urxente.

Por todo elo, preséntase ao Pleno deste Concello esta Moción, dada a urxencia de poder contar coa dispoñibilidade da totalidade dos terreos no prazo mais breve posible, e adoptar acordo definitivo de compra á Igrexa Católica para adquirir os terreos necesarios – 789 m<sup>2</sup> - a fin de totalizar o proxecto de Centro de Estancia, e que se concretarían nos seguintes extremos:

**PRIMEIRO:** Propoñer a compra da parcela de titularidade da Igrexa Católica cunha extensión total de 789 m<sup>2</sup>, situada no lugar de San Miguel, ofertando o prezo definitivo de 25 euros m<sup>2</sup>, o que suporía un total de 19.725,00 euros, áinda sendo coñecedores de que isto repercutiría negativamente nas arcas municipais, e que gravaría áinda mais o custo total da obra, xa que esa parcela sería a única opción posible para ampliar os terreos de titularidade municipal.

**SEGUNDO:** Dar traslado á Igrexa Católica da disposición sempre amosada por este Concello en poñer os medios necesarios para a protección e mellora das igrexas, e dos seus entornos no noso Concello, por seres bens de interese cultural, que en definitiva a todos nos afectan. Para este tipo de actuacións nos bens da Igrexa Católica, o Concello actuou sempre de forma desinteresada, sen ter requirido ningún tipo de condicións por parte do seu titular.

Se informará á Igrexa Católica do detalle das inversións executadas a cargo do Concello de Campo Lameiro en bens da súa titularidade nos últimos cinco anos, referidos a:

\* Apedramento da Praza da Igrexa de San Miguel de Campo, obra executada na súa totalidade por este Concello, cun custo de mais de 100.000,00 euros.

\* Mellora da cuberta da Igrexa de Morillas, obra executada polo Concello en colaboración cos feligreses da Parroquia de Santiago de Morillas, cun custo de 5.450 euros.



# CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

\* Melloras da zoa de acceso á Igrexa e de eliminación de humidades na Igrexa de Moimenta, obra realizada polo Concello en colaboración cos feligreses da Parroquia de Santa María de Muimenta, cus custo de 5.886 euros.

**TERCEIRO:** Debido ao requerimento recibido da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura , Servizo de Patrimonio, que se acorde o compromiso de colaborar, dentro das posibilidades desta administración, nas obras de reparación da cuberta da Igrexa de Couso, polo grave estado que aparenta e que pode conllevar ben o peche da Igrexa polo posible perigo que representa, ben o arranxo da mesma.

O que traslado ao Pleno do Concello para adopción do acordo que estime conveniente.

Se informa polo Sr. Alcalde que para o financiamento da obra, cun orzamento total de 517.003,71, unha vez adquiridos os terreos, se ten solicitado subvención da Deputación P. de Pontevedra polo importe de 367.003,71 euros, no Plan de “Investimentos en equipamentos e dotacións singulares na mellora do reequilibrio territorial dos servizos – Concellos de menos de 20.000 habitantes”, e que se ten solicitado tamén da Consellería de Política Social a concesión dunha subvención por importe de 150.000,00 euros, sabendo por conversas mantidas coa Consellería, que se concederán en dúas ou tres anualidades, correspondendo a primeira anualidade ao ano 2017.

Pasado a debate, e tras deliberación do asunto, con manifestacións de desacordo por parte dos membros presentes, e ante a urxencia de chegar a un acordo favorable para acadar as axudas e subvencións tramitadas diante á Consellería de Política Social e mais da Deputación de Pontevedra para levar adiante a construcción da obra, o Pleno do Concello, por unanimidade, coa asistencia de sete concelleiros/as dos/as nove que forman a Corporación, resolve:

**PRIMEIRO:** Acordar a compra dos terreos de titularidade da Igrexa Católica cunha extensión total de 789 m<sup>2</sup>, correspondendo 359 m<sup>2</sup> á parcela con referencia catastral 36007AO23000010000DA e 430 m<sup>2</sup> á parcela con referencia catastral 36007AO23000460000DO, situadas no lugar de San Miguel, ofertando o prezo definitivo de 25 euros m<sup>2</sup>, o que suporía un total de 19.725,00 euros, aínda sendo coñecedores de que isto repercutiría negativamente nas arcas municipais, e que gravaría aínda mais o custo total da obra, xa que esa parcela sería a única opción posible para ampliar os terreos de titularidade municipal.

Os restantes metros cadrados das parcelas arriba descritas xa foran compradas polo Concello de Campo Lameiro á Igrexa Católica segundo acordo do Pleno do Concello de data 12 de febreiro de 2009, formalizada ante o Notario de Caldas de Reis (Don José María Graiño Ordoñez), en data doce de agosto do dous mil nove, n.<sup>º</sup> protocolo.: 1676.-

**SEGUNDO:** Dar traslado á Igrexa Católica da disposición sempre amosada por este Concello en poñer os medios necesarios para a protección e mellora das igrexas, e dos seus entornos no noso Concello, por seres bens de interese cultural, que en definitiva a todos nos afectan. Para este tipo de actuacións nos bens da Igrexa Católica, o Concello actuou sempre de forma desinteresada, sen ter requirido ningún tipo de condicións por parte do seu titular.



# CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

Se informará á Igrexa Católica do detalle das inversións executadas a cargo do Concello de Campo Lameiro en bens da súa titularidade nos últimos cinco anos, referidos a:

\* Apedramento da Praza da Igrexa de San Miguel de Campo, obra executada na súa totalidade por este Concello, cun custo de mais de 100.000,00 euros.

\* Mellora da cuberta da Igrexa de Morillas, obra executada polo Concello en colaboración cos feligreses da Parroquia de Santiago de Morillas, cun custo de 5.450 euros.

\* Melloras da zoa de acceso á Igrexa e de eliminación de humidades na Igrexa de Moimenta, obra realizada polo Concello en colaboración cos feligreses da Parroquia de Santa María de Muimenta, cun custo de 5.886 euros.

TERCEIRO: Debido ao requerimento recibido da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Servizo de Patrimonio, se presta conformidade ao compromiso de colaborar, dentro das posibilidades desta administración, nas obras de reparación da cuberta da Igrexa de Couso, polo grave estado que aparenta e que pode conllevar ben o peche da Igrexa polo posible perigo que representa, ben o arranxo da mesma.

CUARTO: Facultar ao Sr. Alcalde Presidente para a xestión e sinatura dos documentos que deriven da consecución do presente acordo.

QUINTO.- Respecto ao financiamento da obra do Centro de Estancia de Campo Lameiro, e até tanto non se comunique por parte da Consellería de Política Social a concesión dunha subvención polo importe de 150.000,00 euros, o Concello se compromete á financiación por importe de 150.000,00 euros necesaria para a execución total da obra, con cargo á anualidade 2018.

Asemeismo, o Concello se compromete a finanziar, con cargo aos seus presupostos, o custo dos gastos derivados da urbanización integral da parcela.

Por parte da totalidade de concelleiros/as presentes se acorda ase mesmo, para o suposto de non aceptación da proposta formulada polo Concello, facer pública a postura amosada pola Igrexa Católica tanto en medios de comunicación como en notas informativas aos veciños e veciñas, cos prexuízos que esta decisión acarrearía para o Concello.

E non habendo mais a tratar se levanta a sesión ás 13:45 horas.

E para que así conste asino a presente co visto e prace do Sr. Alcalde en Campo Lameiro a 18 de outubro de 2017.

A secretaria



Vº e Prace

Asdo. Julio Sayáns Bugallo.



# CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

## DONA MERCEDES GONZALEZ BUDIÑO, SECRETARIA INTERV. DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA).

### C E R T I F I C O

Que o Concello Pleno, na súa sesión de urxencia celebrada o día dezaoito de outubro do dous mil dezaseste, adoptou, entre outros, o seguinte acordo.:

#### ÚNICO.: MOCIÓN DE URXENCIA AO PLENO DO CONCELLO

Por acordo do Pleno deste Concello se ten decidido dotar a Campo Lameiro dun Centro de Estancia para dar cobertura a un servizo demandado e necesario para a nosa cidadanía.

Para facer realidade este proxecto, o Concello dispón dunha parcela de 1.954 m<sup>2</sup> ubicada na zoa colídante coa praza da Igrexa de San Miguel de Campo.

O proxecto contempla un acceso por un lateral da parcela, se ben, dada a necesidade de contar con mais terreo para facilitar a execución do acceso, tense aprobado facer unha proposta de compra ao titular da parcela colídante polo seu linde oeste. Este propietario ven sendo a Igrexa Católica.

A parcela a adquirir para anexionar á parcela municipal ten unha extensión de 789 m<sup>2</sup>.

O Concello remitiu en febreiro de 2017 unha proposta de compra á Igrexa Católica polo importe total de 11.266,92 euros, o que supón un repercusión de 14,28 €/m.

A parte vendedora remitiu ao Concello unha contraproposta en data 4 de outubro de 2017, estimando que o prezo de venta non deberá ser inferior a 31.452,00 euros.

Con data 11 de outubro de 2017 recibese por Rexistro do Concello requerimento da Deputación de Pontevedra solicitando, antes do día 25 de outubro de 2017, xustificación da titularidade dos terreos afectados pola obra, estando áinda pendente a compra da parcela pola que se plantexa o acceso rodado ás instalación do Centro de Estancia.

Con data 17 de outubro de 2017, con total premura, esta Alcaldía presentouse diante ó Arcebispado de Santiago para tentar negociar de forma pactada un acordo de compra venta da franxa de terreo de 789 m<sup>2</sup> da súa propiedade. Aportáronse datos urbanísticos da parcela, así como un informe recibido da Xefatura Territorial de Cultura- Patrimonio, denunciando estado que presentaba a cuberta da Igrexa de Couso, con posibilidade de derrumbe se non se actúa na súa reparación.

A proposta formulada por esta alcaldía viña no sentido de rebaixar o prezo de venta presentado pola Igrexa, aportando datos das inversións realizadas por este Concello nos últimos cinco anos, que ascenden a algo mais de 110.000 euros. ASE mesmo fíxose fincapé na necesidade desta



# CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

dotación para poder atender mais que nada ás persoas maiores, que xeralmente permanecen soas nos seus domicilios, para que teñan un punto de encontro e de atención, conquerindo non só ter un punto de acollemento, senón de relacionarse e de poder ser atendidos, razón pola que este Concello estaría en disposición de facer un grande e, según se comproba, custoso esforzo sen ningún carácter especulativo.

A cambio, para poder facilitar unha negociación mais ventaxosa, suixeríuse a posibilidade de cooperar coa Igrexa na reparación do tellado da Igrexa de Couso, obra necesaria e urxente.

Por todo elo, preséntase ao Pleno deste Concello esta Moción, dada a urxencia de poder contar coa disponibilidade da totalidade dos terreos no prazo mais breve posible, e adoptar acordo definitivo de compra á Igrexa Católica para adquirir os terreos necesarios – 789 m<sup>2</sup> - a fin de totalizar o proxecto de Centro de Estancia, e que se concretarían nos seguintes extremos:

**PRIMEIRO:** Propoñer a compra da parcela de titularidade da Igrexa Católica cunha extensión total de 789 m<sup>2</sup>, situada no lugar de San Miguel, ofertando o prezo definitivo de 25 euros m<sup>2</sup>, o que suporía un total de 19.725,00 euros, aínda sendo coñecedores de que isto repercutiría negativamente nas arcas municipais, e que gravaría aínda mais o custo total da obra, xa que esa parcela sería a única opción posible para ampliar os terreos de titularidade municipal.

**SEGUNDO:** Dar traslado á Igrexa Católica da disposición sempre amosada por este Concello en poñer os medios necesarios para a protección e mellora das igrexas, e dos seus entornos no noso Concello, por seres bens de interese cultural, que en definitiva a todos nos afectan. Para este tipo de actuacións nos bens da Igrexa Católica, o Concello actuou sempre de forma desinteresada, sen ter requirido ningún tipo de condicións por parte do seu titular.

Se informará á Igrexa Católica do detalle das inversións executadas a cargo do Concello de Campo Lameiro en bens da súa titularidade nos últimos cinco anos, referidos a:

\* Apedramento da Praza da Igrexa de San Miguel de Campo, obra executada na súa totalidade por este Concello, cun custo de mais de 100.000,00 euros.

\* Mellora da cuberta da Igrexa de Morillas, obra executada polo Concello en colaboración cos feligreses da Parroquia de Santiago de Morillas, cun custo de 5.450 euros.

\* Melloras da zoa de acceso á Igrexa e de eliminación de humidades na Igrexa de Moimenta, obra realizada polo Concello en colaboración cos feligreses da Parroquia de Santa María de Muimenta, cun custo de 5.886 euros.

**TERCEIRO:** Debido ao requerimento recibido da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura , Servizo de Patrimonio, que se acorde o compromiso de colaborar, dentro das posibilidades desta administración, nas obras de reparación da cuberta da Igrexa de Couso, polo grave estado que aparenta e que pode conllevar ben o peche da Igrexa polo posible perigo que representa, ben o arranxo da mesma.



# CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

O que traslado ao Pleno do Concello para adopción do acordo que estime conveniente.

Se informa polo Sr. Alcalde que para o financiamento da obra, cun orzamento total de 517.003,71, unha vez adquiridos os terreos, se ten solicitado subvención da Deputación P. de Pontevedra polo importe de 367.003,71 euros, no Plan de “Investimentos en equipamentos e dotacións singulares na mellora do reequilibrio territorial dos servizos – Concellos de menos de 20.000 habitantes”, e que se ten solicitado tamén da Consellería de Política Social a concesión dunha subvención por importe de 150.000,00 euros, sabendo por conversas mantidas coa Consellería, que se concederán en dúas ou tres anualidades, correspondendo a primeira anualidade ao ano 2017.

Pasado a debate, e tras deliberación do asunto, con manifestacións de desacordo por parte dos membros presentes, e ante a urxencia de chegar a un acordo favorable para acadar as axudas e subvencións tramitadas diante á Consellería de Política Social e mais da Deputación de Pontevedra para levar adiante a construcción da obra, o Pleno do Concello, por unanimidade, coa asistencia de sete concelleiros/as dos/as nove que forman a Corporación, resolve:

**PRIMEIRO:** Acordar a compra dos terreos de titularidade da Igrexa Católica cunha extensión total de 789 m<sup>2</sup>, correspondendo 359 m<sup>2</sup> á parcela con referencia catastral 36007AO23000010000DA e 430 m<sup>2</sup> á parcela con referencia catastral 36007AO23000460000DO, situadas no lugar de San Miguel, ofertando o prezo definitivo de 25 euros m<sup>2</sup>, o que suporía un total de 19.725,00 euros, áinda sendo coñecedores de que isto repercutiría negativamente nas arcas municipais, e que gravaría áinda mais o custo total da obra, xa que esa parcela sería a única opción posible para ampliar os terreos de titularidade municipal.

Os restantes metros cadrados das parcelas arriba descritas xa foran compradas polo Concello de Campo Lameiro á Igrexa Católica segundo acordo do Pleno do Concello de data 12 de febreiro de 2009, formalizada ante o Notario de Caldas de Reis (Don José María Graiño Ordoñez), en data doce de agosto do dous mil nove, n.<sup>º</sup> protocolo.: 1676.-

**SEGUNDO:** Dar traslado á Igrexa Católica da disposición sempre amosada por este Concello en poñer os medios necesarios para a protección e mellora das igrexas, e dos seus entornos no noso Concello, por seres bens de interese cultural, que en definitiva a todos nos afectan. Para este tipo de actuacións nos bens da Igrexa Católica, o Concello actuou sempre de forma desinteresada, sen ter requirido ningún tipo de condicións por parte do seu titular.

Se informará á Igrexa Católica do detalle das inversións executadas a cargo do Concello de Campo Lameiro en bens da súa titularidade nos últimos cinco anos, referidos a:

\* Apedramento da Praza da Igrexa de San Miguel de Campo, obra executada na súa totalidade por este Concello, cun custo de mais de 100.000,00 euros.

\* Mellora da cuberta da Igrexa de Morillas, obra executada polo Concello en colaboración cos feligreses da Parroquia de Santiago de Morillas, cun custo de 5.450 euros.



## CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

\* Melloras da zoa de acceso á Igrexa e de eliminación de humidades na Igrexa de Moimenta, obra realizada polo Concello en colaboración cos feligreses da Parroquia de Santa María de Muimenta, cun custo de 5.886 euros.

TERCEIRO: Debido ao requerimento recibido da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura ,Servizo de Patrimonio, se presta conformidade ao compromiso de colaborar, dentro das posibilidades desta administración, nas obras de reparación da cuberta da Igrexa de Couso, polo grave estado que aparenta e que pode conllevar ben o peche da Igrexa polo posible perigo que representa, ben o arranxo da mesma.

CUARTO: Facultar ao Sr. Alcalde Presidente para a xestión e sinatura dos documentos que deriven da consecución do presente acordo.

QUINTO.- Respecto ao financiamento da obra do Centro de Estancia de Campo Lameiro, e até tanto non se comunique por parte da Consellería de Política Social a concesión dunha subvención polo importe de 150.000,00 euros, o Concello se compromete á financiación por importe de 150.000,00 euros necesaria para a execución total da obra, con cargo á anualidade 2018.

Asemesmo, o Concello se compromete a finanziar, con cargo aos seus presupostos, o custo dos gastos derivados da urbanización integral da parcela.

Por parte da totalidade de concelleiros/as presentes se acorda ase mesmo, para o suposto de non aceptación da proposta formulada polo Concello, fazer pública a postura amosada pola Igrexa Católica tanto en medios de comunicación como en notas informativas aos veciños e veciñas, cos prexuízos que esta decisión acarrearía para o Concello.

E para que conste, ós efectos oportunos, expido a presente en Campo Lameiro a 20 de outubro do dous mil dezasete, coa salvedade do artigo 206 do ROF, co visto e prace do Sr. Alcalde.

Vº e Prace  
O ALCALDE

Asdo.Julio Sayáns Bugallo



A SECRETARIA.